

MEMORIA DE GESTIÓN 2015

Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense

Discafis-Cogami

PRESENTACIÓN DA ENTIDADE

DISCAFIS-COGAMI (Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Ourense), é unha entidade sen ánimo de lucro, constituída no ano 1989, e declarada de utilidade pública, que ten como misión promover e coordinar a defensa dos dereitos das persoas con discapacidade de cara a súa plena integración a través de diferentes servizos para facilitar a súa inclusión na sociedade.

Na actualidade estamos integrados no Centro Integral de Servizos CIS Aixiña, situado en Rúa Recaredo Paz nº 1 Baixo, sendo unha entidade independente e con autonomía propia.

Na busca da excelencia dos servizos prestados, DISCAFIS-COGAMI, comeza en 2007 a implantación dun sistema de xestión de Calidade baseado nos seguintes principios: liderazgo, orientación ós principais grupos de interese da entidade, participación do persoal, xestión por procesos, enfoque de sistema para a xestión, mellora continua, enfoque baseado en feitos para a toma de decisións e relacións mutuamente beneficiosas cos principais provedores da entidade.

Na actualidade contamos con certificado segundo la ISO 9001:2008 que avala a metodoloxía de traballo establecidas na entidade.

DISCAFIS-COGAMI está composta polas seguintes entidades na provincia:

- ACCU, Asociación de Enfermos de Crohn e Colite Ulcerosa
- AFFOU, Asociación de Fibromialxia, Síndrome de Fatiga Crónica se Sensibilidade Múltiple de Ourense
- AGADHEMO, Asociación Galega de Hemofilia
- AGAL, Asociación Galega de Lupus
- AIXIÑA, Asociación de Minusválidos Físicos, Parálise Cerebral e Terceira Idade Dependentes
- ALCER, Asociación de Loita Contra as Enfermidades do Ril.
- ALGARIA Asociación de Persoas con Discapacidade da Bisbarra da Limia.
- AODEM, Asociación Ourensán de Esclerose Múltiple e Esclerose Lateral Amiotrófica (ELA), Parkinson e outras enfermidades neurodexenerativas.

- ASEM, Asociación Galega de Loita contra as Enfermidades Neuromusculares.
- Asociación de Discapitados Físicos de Carballiño e Comarca.
- Asociación Ourenzá de Hemofilia.
- PUZZLE Asociación para a loita contra a exclusión social e laboral das persoas con discapacidade.
- DISVALIA, Persoas con Discapacidade de Valdeorras Asociadas
- ACADAR, Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia

Temos convenios de colaboración estables coas entidades:

- Renacer, Asociación de Persoas afectadas por Dano Cerebral adquirido

Ademais, estamos integrados en entidades e organismos autonómicos e estatais coma a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade –COGAMI- e da Coordinadora Estatal de Minusválidos Físicos de España –COCEMFE.

REXISTROS E OUTROS DATOS DE INTERESE:

- Inscrita na Sección 2ª do Rexistro Xeral de Asociacións co nº 9 de la Delegación Provincial de Ourense de la Consellería de Xustiza, Interior e Relaciones Laborais.
- Inscrita no Rexistro da Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar con el nº: E- 172
- Inscrita como Entidad de Acción Voluntaria co nº O-154
- Certificado AENOR UNE EN ISO 9001:2008, ER-1674/2008
- Certificado AENOR IQNET ISO 9001:2008, ES-1674/2008
- Declarada de Utilidade Pública por orde de 2 de xullo de 2012 da consellería de presidencia, administración pública e xustiza.

1. OBXECTIVOS

Obxectivo xeral:

- Mellorar las condiciones de vida das persoas con discapacidade a través de diferentes servizos

Obxectivos específicos:

- Dar información e asesoramento especializado en materia de discapacidade, a persoas con discapacidade, entidades membro e sociedade.
- Orientar na busca de recursos ou servizos que poidan mellorar a calidade de vida das persoas con discapacidade
- Prestar apoio as entidades membro para a busca e xestión de proxectos
- Ofrecer servizos sociosanitarios como logopedia e terapia ocupacional que manteñan a independencia el maior tempo posible
- Ofrecer un transporte adaptado que favoreza poder recibir terapias e servizos a persoas con discapacidade
- Ofrecer apoio ós cuidadores con préstamos de axudas técnicas que favorezan o coidado da persoa no seu entorno
- Informar sobre accesibilidade e traballar pola eliminación de barreiras existentes

2. SERVIZOS E PROGRAMAS DESENVOLVIDOS

2.1. SERVIZO DE INFORMACIÓN, ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN

Principais actividades:

- Información xeral: axudas económicas, certificado de discapacidade, accesibilidade, recursos públicos e servizos dispoñibles para a discapacidade, educación, lecer, etc. Esta actividade se fai tanto a persoas con discapacidade como sen discapacidade, empresas etc.
- Xestión de recursos

- Estase participando no consello de servizos sociais do Concello de Ourense.

Número consultas atendidas en 2015.	32 As cuestións mais habituais foron sobre os servizos da entidade, programa de préstamo de axudas técnicas, accesibilidade e emprego
Charlas de sensibilización	11
Xestión usuarios de servizos logopedia, transporte, terapia ocupacional	70

2.2. SERVIZO DE APOIO Ó MOVEMENTO ASOCIATIVO

INFORMACIÓN E ASESORAMENTO A ENTIDADES MEMBRO

Principais actividades:

- Información xeral: envío de circulares informativas ó conxunto das entidades que configuran a federación sobre diferente temáticas que lles poidan resultar de interese (lexislación, convocatorias públicas e privadas, actividades formativas, lecer accesible, etc.)
- Asesoramento e apoio na elaboración e xustificación de proxectos.
- Planificación e coordinación actividades para as entidades

Circulares informativas enviadas	30
Organización actividades lecer.	Se coordinou a participación de persoas con discapacidade de todas as entidades membro en actividades de lecer: Proxecto Gavea

SERVIZO DE APOIO NA XESTIÓN DAS ENTIDADES MEMBRO

Principal actividade:

- Seguimento/xestión da contabilidade das asociacións membro que lo solicitan, segundo la normativa legal establecida.
- Apoio técnico sobre todo para las entidades que non contan co persoal técnico
- Pago do aluguer das instalacións onde teñen a sede social a maioría das entidades membro da Federación

Xestión contabilidade asociacións	Lévase a contabilidade oficial para 3 entidades membro
Consultas resoltas de entidades membro	20
Págase o aluguer das instalacións de 6 entidades membro	

2.3. PROGRAMA DE SERVIZOS ESPECIALIZADOS

Este é un dos programas con máis percorrido (desde 2003) e máis demandado polas entidades membro.

SERVIZO DE LOGOPEDIA

O obxectivo do servizo é previr, detectar e explorar os trastornos da voz, da audición, da fala, da linguaxe oral e escrita e da deglución, e a adaptación ou readaptación das persoas que padecen algunha alteración.

As principais actividades que se desenvolven neste servizo son:

- Tratamentos individualizado

Número de persoas atendidas 2015

28

OBXECTIVO	RESULTADO ALCANZADO
Manter e mellorar os procesos básicos implicados na produción da fala e a voz para facilitar a normalización das cualidades vocais e a intelixibilidade da fala	Logrouse no 50% dos casos
Potenciar a linguaxe oral e escrita, e os procesos cognitivos básicos que interveñen na linguaxe	Logrouse no 50% dos casos
Minimizar as dificultades da deglución, realizando recomendacións e adaptacións na dieta, ensinando estratexias facilitadoras e técnicas específicas de deglución e traballando os procesos alterados	Logrouse no 60% dos casos
Adaptar e ensinar o uso de Sistemas Aumentativos e/ou Alternativos da comunicación (SAAC),	Empezouse a elaborar un Sistema Alternativo de comunicación no 2015 para un neno
Ofrecer información e asesorar a familias e usuarios respecto a súa comunicación e deglución	Informouse e asesorado as familias e os propios usuarios sobre as súas dificultades comunicativas e deglutorias no 100% dos casos.

SERVIZO DE TERAPIA OCUPACIONAL

Este servizo busca lograr a maior independencia funcional das persoas beneficiarias do mesmo nas diferentes áreas do desempeño ocupacional: actividades da vida diaria básicas e instrumentais, traballo, educación, participación social, xogo, ocio e tempo libre... co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida.

As principais actividades que se desenvolven no servizo son:

- Intervencións individualizadas

Número de persoas atendidas 2015	20
----------------------------------	----

OBXECTIVO	RESULTADO ALCANZADO
Manter un nivel funcional óptimo que permita a independencia en AVD.	Conseguíuse no 60%
Mellorar as funcións dos membros superiores: diminuír a debilidade, reeducar ou manter a coordinación, a destreza manual, a pinza fina e grossa ou lateralidade.	Conseguíuse no 80%
Entrenamento en estratexias compensatorias para a realización de actividades cotiás cando estas non poidan ser realizadas dunha maneira normalizada.	Conseguíuse no 100%

SERVIZO DE TRANSPORTE ADAPTADO

O obxectivo do servizo é garantir o acceso das persoas usuarias ós diferentes servizos que se prestan na federación e algunha das entidades membro.

Contamos cun vehículo adaptado para o desenvolvemento do mesmo, co que se realizan diferentes rutas de forma periódica e se facilita o acceso a actividades puntuais. Este ano 2015 se cambiou o vehículo adaptado para mellorar o servizo prestado.

Número de persoas atendidas 2015	26
----------------------------------	----

OBXECTIVO	RESULTADO ALCANZADO
Acercar as persoas con mobilidade reducida ó Centro	100% das solicitudes atendidas
Trasladar os participantes nas diferentes actividades organizadas pola Federación	100% das solicitudes atendidas

2.4. PROGRAMA PRÉSTAMO AXUDAS TÉCNICAS

O obxectivo deste servizo é xestionar o préstamo dunha serie de produtos cos que a entidade conta, para favorecer a calidade de vida nos seus domicilios, e axudar ó cuidador principal nas tarefas de mobilización das persoas con maior dependencia.

A derivación de casos susceptibles destas axudas técnicas proveñen desde o Concello de Ourense, desde o Sergas, de entidades membro e outras análogas do terceiro sector.

Número de persoas atendidas 2015	19 cesións
----------------------------------	------------

2.5. PROGRAMA DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS

Os obxectivos deste programa son:

- Informar en materia de accesibilidade: asesoramento en produtos de apoio, en adaptación de vivendas, estudos de accesibilidade, etc.
- Traballar pola concienciación da sociedade e administracións para a eliminación de barreiras tanto sociais como arquitectónicas.
- Derivar nos casos necesarios, ó departamento de accesibilidade de Cogami.

Derivacións ó departamento de accesibilidade de Cogami	5
Se enviaron a concellaría de infraestruturas queixas sobre diferentes demandas que nos chegaron en materia de barreiras.	
Participábase na mesa da mobilidade do Concello de Ourense	

2.6. PROGRAMA DE LECER

En 2015 se foi a Viveiro con usuarios para participar no Proxecto Gavea de Cogami, un paseo no barco Laion onde se desfrutou dunha xornada náutica.

Ademais se deu información sobre outras actividades de lecer nas queu podían participar as entidades e/ou os seus soci@s

3. RECURSOS MATERIAIS E HUMANS

RECURSOS MATERIAIS

- Equipamento informático con conexión a internet.
- Material funxible.
- Teléfono.
- Vehículo adaptado.
- Materiais de fisioterapia (se cede a entidades membro), logopedia e terapia ocupacional

- Produtos de apoio para o préstamo

RECURSOS HUMÁNS:

- Diplomada en traballo social
- Contable (cedido por Cogami)
- Diplomada en Terapia Ocupacional
- Diplomada en Logopedia
- Conductor

4. VALORACIÓN

Anualmente pásanse ós socios dos servizos prestados un cuestionario de satisfacción coa entidade, onde se valoran aspectos como as terapias recibidas, os profesionais, as instalacións etc.

Cun máximo de 5 puntos este ano a puntuación media dos cuestionarios superou o 4 sobre 5 polo que se mantén a satisfacción dos usuarios con respecto a anos anteriores

5. FINANCIADORES/COLABORADORES

Ó largo deste ano a Federación contou coa colaboración de entidades públicas e privadas que a continuación relacionamos:

- Xunta de Galicia
- Concello de Ourense
- Deputación de Ourense
- Fundación Once
- Ministerio de sanidad, servicios sociales e igualdad
- Fundación Roviralta
- Obra Social La Caixa
- COGAMI

DISCAFIS – COGAMI OURENSE

MEMORIA ECONÓMICA 2015

1. INTRODUCCIÓN

1.1.- Natureza.

A Federación de asociacións de discapacitados de Ourense, de agora en diante Discafis-Cogami, foi constituída no ano 1989 polas asociacións Auxilia, Alcer e Agadhemo, co fin de dar solución á problemática que padecía o colectivo de persoas con discapacidade (data de constitución 7/11/1989 e rexistrada no Goberno Civil o 9/11/1989)

É membro de COCEMFE é o 22 de abril de 1990, participa xunto coas Federacións Provinciais de Discapacitados Físicos de Pontevedra e Coruña na constitución da Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI).

Discafis está inscrita no Rexistro Xeral de Asociacións da Delegación Provincial de Ourense, Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, así como no Rexistro da Consellería de Traballo e Benestar, e como entidade voluntaria.

Foi declarada de Utilidade Pública por Orde de 2 de xullo de 2014 DOG nº 137 de 18 de xullo de 2014.

A misión desta entidade é promover e coordinar a defensa dos dereitos das persoas con discapacidade de casa a súa plena integración a través de diferentes servizos sociosanitarios para facilitar a súa inclusión na sociedade.

1.2.- Actividades realizadas.

As actividades que se levan a cabo durante o ano 2015 forman parte do conxunto de actividades que Discafis leva desenvolto dende a súa constitución ata a data de hoxe, xa sexa individual como en colabora coas entidades que forman a súa estrutura organizativa.

- **Servizo de información, asesoramento e orientación** en xeral e tamén de apoio as entidades membro.
- **Servizo de logopedia** sendo o seu obxectivo é previr, detectar e explorar os trastornos da voz, audición, da fala, da linguaxe oral e escrita e da deglución e a adaptación ou readaptación das persoas que padecen algunha alteración, mediante tratamentos individualizados.

- **Servizo de terapia ocupacional** para lograr a maior independencia funcional das persoas beneficiarias do mesmo nas diferentes áreas do desempeño ocupacional: actividades da vida diaria básicas e instrumentais, traballo, educación, participación social. Xogo, ocio e tempo libre co obxectivo de mellorar a súa calidade de vida. Os tratamentos que se realizan son individualizados.
- **Servizo de transporte adaptado**, trátase con este servizo garantir o acceso das persoas usuarias aos diferentes servizos que se prestan na federación e algunha das entidades membro. Cóntase cun vehículo adaptado para prestar este servizo.
- **Outras actividades foron:** préstamo axudas técnicas, programa de eliminación de barreiras, programa de lecer,

2. BASES DE PRESENTACIÓN DE CONTAS

2.1.- Imaxe fiel

a) Imaxe fiel do patrimonio.

As contas anuais do exercicio 2015 foron elaboradas a partir dos rexistros contables a 31 de decembro de 2015 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real Decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade para PEMES e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade.

En particular aplícase o Real Decreto 1491/2014, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos á adaptación sectorial.

b).-Razóns excepcionais de non aplicación de disposicións legais en materia contable.

A entidade Discafis aplica en medida as disposicións legais en materia contable.

c).- Información complementaria adicional relativa á imaxe fiel.

A Asociación non aporta información complementaria adicional necesaria relativa á imaxe fiel del patrimonio.

2.2.- Principios contables non obrigatorios.

Aplícanse todos os principios contables obrigatorios establecidos no Código de Comercio, no Plan Xeral de Contabilidade, e nas normas da adaptación do Plan Xeral de

Contabilidade das entidades sen fins de lucro, non sendo preciso apartarse dos mesmos nin aplicar outros alternativos.

2.3.- Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza.

Discafis elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supor cambios significativos no valor dos activos ou pasivos do exercicio seguinte.

2.4.- Comparación da información.

A entidade non modificou a estrutura do balance, da conta de perdas e ganancias do exercicio anterior. A información do exercicio que se informa é comparable coa do exercicio anterior que se mostra nos estados financeiros adxuntos.

2.5.- Elementos recollidos en varias partidas.

As contas anuais non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, ou na conta de perdas e ganancias.

2.6.- Cambios en criterios contables.

Non houbo cambios en criterios contables excepto o comentados na nota final sobre Aspectos derivados da transición ás normas Contables.

2.7.- Corrección de erros.

Non hai importes significativos cargados directamente á conta de Reservas da entidade.

3.- APLICACIÓN DE RESULTADOS

3.1.- Análise das principais partidas que forman o excedente do exercicio

O excedente do exercicio ascende a 6630.66 € e procede da actividade habitual da entidade.

3.2.- Información sobre a proposta de aplicación contable do excedente do exercicio

A Xunta Directiva de Discafis propondrá a aprobación da distribución de resultados do exercicio terminado o 31 de decembro de 2015 que se indica na seguinte forma:

<u>BASE DO REPARTO</u>	<u>IMPORTE</u>
Excedente do exercicio	6.613,51
Remanente	0,00
Reservas voluntarias	0,00
Outras reservas de libre disposición	0,00
<u>TOTAL.....</u>	<u>6.613,51</u>
<u>APLICACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
A fondo social	0,00
A reservas especiais	0,00
A reservas voluntarias	0,00
A compensación de excedentes negativos de exercicios anteriores	6.613,51
<u>TOTAL.....</u>	<u>6.613,51</u>

3.3.- Información sobre as limitacións para a aplicación dos excedentes dacordo coas disposicións legais.

Durante o exercicio 2015 a Federación traspasou os resultados obtidos no exercicio anterior a compensación de excedentes negativos de exercicios anteriores o seu importe ascendeu a -782,29 €.

Non hai limitacións para a distribución de resultados proposta no apartado 3.2.

4.- NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN DE CONTAS.

Os principais criterios contables aplicados son os seguintes.

4.1.- Inmobilizado intanxible.

O immobilizado intanxible recóllese no Balance (capitaliza o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendemento económico para a entidade no futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual, apartado 5 punto 1). Ademais cumpre có criterio de identificabilidade, é dicir, o immobilizado cumprirá algún dos requisitos seguintes:

- a. Ser separable, é dicir, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.
- b. Xurda de dereitos legais ou separables da entidade ou doutros dereitos ou obrigas.

Non existen partidas de inmovilizada intanxible recollidas no balance durante o ano 2015.

4.2.- Inmovilizado material.

O inmovilizado material reconécese no Balance (capitaliza o activo) cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para entidade nun futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O reconecemento contable dun activo implica tamén o reconecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o reconecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual, apartado 5 punto 1). Preséntase ao custe de adquisición, incluíndo no mesmo os gastos adicionais que se produciron ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoñen unha prolongación da vida útil dos elementos do inmovilizado, reconécense coma gastos no exercicio no que se producen.

A dotación anual da amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada.

No presente exercicio procedeuse a amortizar a máximos todo o inmovilizado, segundo as Tablas de Amortización aprobadas no Real Decreto 1777/2004 de 30 de xullo.

A vida útil estimada por partidas do inmovilizado material foron as seguintes:

Inmovilizado material	% depreciación
Mobiliario	10%
Equipos procesos información	25%
Elementos transporte	16%
Outro inmovilizado	12-25%

Durante o exercicio 2015 non existiron contratos de arrendamento financeiro vixentes.

4.3.- Terreos e construcións como inversión inmobiliaria.

Discafis non posúe este tipo de bens.

4.5.- Bens integrantes do Patrimonio Histórico.

Discafis non posúe bens integrantes do Patrimonio Histórico.

4.6.- Créditos e débitos pola actividade propia.

Tanto para os créditos e como para os débitos utilízase o criterio de valoración de custe amortizado.

4.7.- Activos financeiros e pasivos financeiros.

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contrapartida. Considéranse por tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

Activos financeiros:

Valóranse segundo a seguinte clasificación:

➤ Activos financeiros a custo amortizado: inclúense nesta categoría aqueles créditos orixinados polo tráfico habitual da actividade así como aqueles activos financeiros que non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, non teñen orixe comercial e cuxos cobros son de contía determinado ou determinable. Valóranse inicialmente á custo e nas valoracións seguintes valóranse a custo amortizado. A fin do exercicio analízase se resulta preciso practicar deterioro de valor sobre os mesmos.

➤ Activos financeiros mantidos para negociar: inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ao seu valor razoable en no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.

➤ Activos financeiros a custo: inclúense as inversións en patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas así como os demais instrumentos de patrimonio salvo que sexan clasificados como Activos financeiros mantidos para negociar. Ó menos a fin do exercicio efectúase a corrección valorativa precisa se hai evidencia de que o seu valor é inferior ao contabilizado.

Pasivos financeiros:

Valóranse segundo a seguinte clasificación:

❖ Pasivos financeiros a custo amortizado: compostos por débitos por operacións de orixe comercial e débitos por operacións non comerciais, distintos de instrumentos derivados. Valóranse inicialmente polo custo equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida e posteriormente valóranse polo custo amortizado.

❖ Pasivos financeiros mantidos para negociar son os instrumentos financeiros derivados e valóranse cos mesmos criterios que os Activos financeiros mantidos para negociar.

4.8.- Existencias.

A Asociación Discafis a 31/12/2015 non posúe existencias en almacén.

4.9.- Transaccións en moeda estranxeira.

Non se produciron durante este exercicio este tipo de transaccións.

4.10.- Imposto sobre beneficios.

Durante o exercicio económico 2015 as fontes de ingresos da Asociación Discafis consistiron fundamentalmente en subvencións e doazóns ou achegas de patrocinadores/colaboradores, así como das cotas dos seus socios e afiliados.

Ao ser Discafis unha entidade sen fins de lucro e estar parcialmente exenta do imposto de sociedades (artigo 9.3 texto refundido da Lei do Imposto de Sociedades) só tributará por aqueles ingresos xerados por actividades económicas. No ano 2015 non tivo ingresos xerados por actividades económicas.

4.11.- Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente e as cargas sociais percíbense no mes correspondente e páganse a mes vencido.

4.12.- Provisións e continxencias.

Non existen provisións e continxencias durante o exercicio 2015.

4.13.- Subvencións, doazóns e legados.

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto e se recoñecerán na conta de Perdas e Ganancias como ingresos sobre una base sistemática de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistraranse como pasivo ata que adquiren o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando exista un acordo individualizado de concesión, cumpran as condicións establecidas para a súa concesión e non existan dúbidas razoables para a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

a).- Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.

b).- Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.

c).- Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.

d).- Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se recoñece.

4.14.- Negocios conxuntos.

Non existen negocios conxuntos.

4.15.- Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas.

A Asociación valora as súas operacións vinculadas (de habelas) a valores razoables, tal e como establece a norma xeral.

5.-INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVERSIÓN INMOBILIARIAS..

O movemento que houbo durante o exercicio 2015 nas contas incluídas neste epígrafe e as súas correspondentes amortizacións son as seguintes:

Inmovilizado material

Ano 2014

CUSTE DE ADQUISICIÓN				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Mobiliario	2.495,34	0,00	0,00	2.495,34
Equipos Proc. Información	4.214,54	0,00	0,00	4.214,54
Elementos transporte	34.000,00	0,00	0,00	34.000,00
Outro inmovilizado	20.319,00	4.350,02	0,00	24.669,02
TOTAL.....	61.028,88	4.350,02	0,00	65.378,90

AMORTIZACIÓN					
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	Valor neto
Mobiliario	2.053,31	143,71	0,00	2.197,02	298,32
Equipos Proc. Información	4.214,54	0,00	0,00	4.214,54	0,00
Elementos transporte	34.000,00	0,00	0,00	34.000,00	0,00
Outro inmovilizado	12.956,04	2.368,70	0,00	15.324,74	9.344,28
TOTAL.....	53.223,89	2.512,41	0,00	55.736,30	9.642,60

Ano 2015

CUSTE DE ADQUISICIÓN				
CONCEPTO	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Mobiliario	2.495,34	0,00	0,00	2.495,34
Equipos Proc. Información	4.214,54	0,00	0,00	4.214,54
Elementos transporte	34.000,00	34.181,50	34.000,00	34.181,50
